

ACTA Nº 37/10

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 13 DE SETEMBRO 2010

Asistentes:

CONCELLEIROS:

D. Valentín Piñeiro González.
D. Arturo González Pérez.
D. Daniel Rodas Chapela
D. Victor Pastoriza Lino
Dona Libertad Cruz Couso

Secretario accidental D. Jose Rodriguez Veloso

Na casa do Concello de Moaña, a 13 de setembro de 2010, reúnen-se as devanditas persoas baixo a presidencia do señor alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistidos por min, o secretario, coa finalidade de realizar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, anunciada para o día de hoxe ás 18:00 horas, en primeira convocatoria.

A Presidencia declara aberta a sesión ás 18:05 horas.

1.- APROBACIÓN, SE É O CASO, DA ACTA ANTERIOR.

Dáse conta dos borradores das actas das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local números 32 e 33/10, correspondentes ás sesións do 9 e 16 de agosto de 2010.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobalas.

2.- DACIÓN DE CONTAS DE RESOLUCIÓNS APROBADAS POR AVOCACIÓN.

Dáse conta que nas resolucións nºs 445 e 449/10, do 3 e do 10 de setembro respectivamente, a Alcaldía avocou a competencia delegada á Xunta de Goberno para o recoñecemento da obriga, co obxecto do posterior pago do asesoramento laboral a LA SOCIAL na resolución 445/10, e para ordenar a realización de 4 horas extraordinarias a dous policíaas.

A Xunta de Goberno Local queda enterada.

3.- LICENZA DE OBRAS ASOCIADA A UNHA DE ACTIVIDADE

EXPTE. 143/10 – D.ª MIRIAM GIRÁLDEZ SA presenta proxecto de acondicionamento de local para expendedoría de tabaco, para situar en Palmás nº 74,

baixo, Domaio, de acordo co proxecto presentado, redactado polo estudo D.Cristóbal Juncal Ríos de Arquitectura y Urbanismo Morrazo, S.L.P., visado o 19 de agosto de 2010.

Dáse conta do informe do arquitecto técnico municipal do día 13 de setembro de 2010, que literalmente di:

ASUNTO: ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA EXPENDIDURÍA DE TABACO
INFORME TÉCNICO: Procedo informar favorablemente o expediente.

O proxecto de Acondicionamento de local para expendidura de tabaco está redactado polo arquitecto técnico D. Cristóbal Juncal Ríos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 19 de agosto de 2010. Presenta a seguinte documentación:

- Documentación fotográfica
- Memoria descritiva.
- Memoria construtiva
- Xustificación urbanística sobre o cumprimento do establecido nas NN.SS municipais
- Normativa de obrigado cumprimento.
- Certificado de solidez e seguridade
- Xustificación do cumprimento do decreto 35/2000, sobre accesibilidade e supresión das barreiras.
- Memoria de electricidade
- Memoria xustificativa do cumprimento do DB-SI.
- Memoria xustificativa do cumprimento do DB-SUA
- Memoria xustificativa do cumprimento do DB-HR
- Memoria xustificativa da DB-HE 3, eficiencia enerxética das instalacións de iluminación.
- Xustificación do cumprimento DB-HS- Salubridad.
- Plan de Xestión de residuos
- Prego de condicións particulares
- Estudo básico de seguridade e saúde
- Medición e presuposto
- Documentación gráfica
- Presenta cuestionario de estatística de construción de edificios
- Presenta oficio de dirección de obra asinado polo Arquitecto técnico, D. Cristóbal Juncal Ríos, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos Técnicos de Pontevedra o día 19 de agosto de 2010.

Liquidación provisoria de tributos

Imposto s/construción.....	90,45 €
Taxas licenza urbanística.....	65,00 €
Cartel de obra.....	110,00 €
Taxas dereitos conexión saneamento	180,00 €

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes e á vista do informe do técnico, deixando a salvo os dereitos de propiedade e sen prexuízo de terceiros e, con circunscrición aos condicionamentos establecidos nos devanditos informes existentes no mentado expediente, e tras o pagamento das taxas correspondentes, acorda:

PRIMEIRO: Outorgar licenza de actividade que solicita D.^a MIRIAM GIRÁLDEZ SA para a actividade de EXPENDEURÍA DE TABACO.

SEGUNDO: Outorgar a licenza urbanística para as obras de “ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA EXPENDEURÍA DE TABACO”. A licenza urbanística determina o

devengo do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, e en consecuencia, apróbase a liquidación provisional do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, de conformidade co orzamento incluído no proxecto presentado, polas cantidades arriba referidas.

TERCEIRO.- Non poderá comezarse a exercer a actividade mencionada en tanto non se conceda a LICENZA MUNICIPAL DE APERTURA E POSTA EN FUNCIONAMENTO que deberá solicitar a interesada, declarando a execución das obras de conformidade cos termos desta Licenza, acompañando á petición, certificado do Técnico Director das obras ou instalacións en que se especifique a súa conformidade cos termos desta Licenza, sen prexuízo de que todo o anterior sexa corroborado polo arquitecto técnico municipal a cuxo efecto levantará Acta de Comprobación.

4.- LICENZAS DE APERTURA: CAMBIO DE TITULAR

4.A) EXPEDIENTE 29/10 – D. VALERIANO DOMÍNGUEZ SOTO

Vista a instancia presentada o día 24 de agosto de 2010 por Don Valeriano Domínguez Soto, na que expón que é a nova titular do cafe-bar KOMO EN KASA, situado na rúa Canexa, 3 e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 31 de agosto de 2010, que literalmente di:

A petición do concelleiro Delegado de Urbanismo, en data do 31.08.10, en relación coa solicitude presentada por Valeriano Domínguez Soto, na data do 24.08.2010, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFE-BAR, sito na rúa Canexa, nº 3 baixo, pertencente a A LAREIRA DE MOAÑA, S.L. teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de CAFÉ-BAR, sito na rúa Canxa, nº 3 baixo, pertencente a A LAREIRA, S.L. aprobado pola **Xunta de Goberno Local de data do 19.11.2008**.

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFÉ-BAR, sito na rúa Canexa, 3, pertencente a A LAREIRA, S.L., aprobada pola Xunta de Goberno de data 19.11.2008, a favor de **D. VALERIANO DOMÍNGUEZ SOTO**.

4.B) EXPEDIENTE 30/10 – D. ÓSCAR LEITES SANTOMÉ

Vista a instancia presentada o día 22 de xullo de 2010 por Don Óscar Leites Santome, na que expón que é o novo titular do cafe-bar situado en Isamil, 80, Meira e achega documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 6 de setembro de 2010, que literalmente di:

A petición do concelleiro Delegado de Urbanismo, en data do 06.09.10, en relación coa solicitude presentada por. D. Oscar Leite Santomé, na data do 22.07.2010, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFE-BAR, sito na rúa Isamil núm. 80, Meira, pertencente a D^a M^a Consuelo Leite Santomé. teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de CAFÉ-BAR, sito na rúa Isamil, 80, Meira, pertencente a D.^a M^a Consuelo Leite Santomé, aprobada pola. **Xunta de Goberno Local de data do 02.05.2005.**

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFÉ-BAR, sito na rúa Canexa, 3, pertencente a D.^a M^a Consuelo Leite Santomé, aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 02.05.2005, a favor de **D. ÓSCAR LEITES SANTOMÉ.**

4.C) EXPEDIENTE 15/10 – OUTEIRAL, CB.

Vista a instancia presentada o día 12 de abril de 2010 por D^a María Aroa e D.^a Laura Outeiral Carro, comuneiras de OUTEIRAL C.B., expoñen que OUTEIRAL CB é a nova titular do café-bar FOLLAS NOVAS, situado na rúa Ramón Cabanillas, 105-baixo e achegan documentación para solicitar o cambio de titular da licenza municipal,

Visto o informe do encargado do negociado de aperturas do día 10 de setembro de 2010, que literalmente di:

A petición do concelleiro Delegado de Urbanismo, en data do 10.09.10, en relación coa solicitude presentada por. OUTEIRAL, C.B., representada por Dna. María Aroa Outeiral Carro e Dna Laura Outeiral Carro, na data do 12.04.2010, pola que solicita o cambio de titularidade ó seu nome, dunha Licenza de Apertura de CAFE-BAR, sito na rúa Ramón Cabanillas, núm. 105, pertencente a Dna. M^a Esther Villar Ferradas, teño a ben poñer no seu coñecemento o seguinte:

Que comprobado o Libro de Rexistro de Concesións de Licenzas de Apertura, **consta no mesmo**, Licenza Municipal de CAFÉ-BAR, sito na rúa Ramón Cabanillas, núm. 105, pertencente a Dna. M^a Esther Villar Ferradás, aprobado pola **Xunta de Goberno Local de data do 14.09.2004.**

Liquidación provisoria de tributos

Cambio de titularidade licenza de apertura 90 €

A Xunta de Goberno Local acorda, por unanimidade das persoas asistentes, o cambio de titularidade da licenza de apertura de CAFÉ-BAR, sito na Ramon Cabanillas, 105, baixo, pertencente a D.^a María Esther Villar Ferradás, aprobada pola Xunta de Goberno de data 14.09.2004, a favor de **OUTEIRAL, C.B.**

5.- OUTROS ESCRITOS E LICENZAS

Visto o oficio remitido pola Xunta de Galicia, XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA, con entrada neste Concello o día 31 de agosto de 2010, no que achega contestación de UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN ao condicionado emitido polo Concello en relación á tramitación da instalación eléctrica denominada SUBESTACIÓN MOAÑA RURAL COMPACTA 66/20 KV, nº de expediente IN407A 2010/148-4, para informe,

Dáse conta do informe emitido pola asistencia técnica municipal do día 9 de setembro de 2010, que literalmente di:

GUMERSINDO FERRO PICHEL, Arquitecto Colexiado nº 1323 do COAG Delegación de Pontevedra. Actuando como Asistencia técnica municipal o Concello de Moaña.

A Petición da Alcaldía realiza o seguinte :

Informe: Sobre Contestación de Unión Fenosa D. S.A, a condicionado municipal de data 15 de xullo de 2010.

Antecedentes

En data 31 de agosto de 2010 con nº 6899, ten entrada no rexistro do Concello de Moaña .Contestación ao condicionado do Concello de data 15 de xullo de 2010, realizado por Unión Fenosa D. S.A. , e remitido pola Delegación Territorial de Pontevedra da Xunta de Galicia da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria.

CONSIDERACIÓNS

1.-Moaña con planeamento urbanístico propio consistente nunhas NORMAS SUBSIDIARIAS MUNICIPAIS aprobadas definitivamente o 5 de febreiro de 1996.

2.-A normativa municipal de menor rango legal que a LOUGA, considerase subsidiaria dela nos aspectos non regulamentados e complementaria nos criterios máis restrictivos que puideran fixarse.

3.-A parcela obxecto deste informe encóntrase situada en dúas ordenanzas: na ordenanza nº8 de réximen normal do solo non urbanizable e na ordenanza nº10 de conservación e protección das zonas de cultivo e da paisaxe agrícola.

En ningunha das dúas ordenanzas se permite o uso de subestación eléctrica pretendida, unha vez que na ordenanza nº 8 solo se permiten tres usos; agropecuario, execución, entretenemento e servizo das obras públicas e as vivendas vinculadas a explotación agrícola, non autorizándose en ningún caso o usos pretendido. Na ordenanza nº 10 permítese unicamente as construcións vinculadas a explotación agrícola.

4.-Tanto nas ordenanzas nº 8 no seu punto 3 como na ordenanza nº10, no seu punto 3 remitindo en todo caso a ordenanza nº 8, así como na LOUGA nas condicións recollidas no artigo 42 .Establecese medidas estéticas e de corrección do posible impacto ambiental, visual e tipolóxico coa adopción de medidas, que máis alá de satisfacer necesidades de uso ou técnicas, traten no

posible usar materiais, cores, texturas e procedementos constructivos que leven a unha maior inserción dos volumes edificados no entorno.

5.-Na LOUGA establece no seu artigo 35.3. que con carácter xeral quedan prohibidos os movementos de terra que alteren a topografía natural dos terreos rústicos, agás nos casos expresamente autorizados pola lei. Tal e como se reolle no anteproxecto presentado realizase unha alteración do terreo natural realizando unha plataforma a cota 73,50 que altera a rasante natural en 4,00 m no externo sur da actuación.

Por todo isto e despois de estudadas as consideracións anteriores pódese deducir as seguintes

CONCLUSIÓNS

A actuación proposta de creación de subestación de enerxía eléctrica, que contempla unha plataforma a nivel, valada e na que se sitúan dúas edificacións, non é viable urbanísticamente polos seguintes motivos:

a) O uso pretendido non se encontra dentro dos autorizados polas Normas de planeamento municipal vixentes.

b) As actuacións pretendidas non tratan de minimizar o impacto da actuación sobre entorno, e tal e como se desprende da documentación aportada no anteproxecto limitáanse a resolver un problema técnico, non aportando as medidas de materiais, cores, e disposicións constructivas que permitan unha inserción dos volumes edificados na tipoloxía do entorno, en contra do especificado pola normativa municipal e autonómica o respecto.

c) A actuación pretendida en contra dos criterios establecidos na LOUGA sobre o movemento de terras no solo rústico, pretende a creación dunha plataforma nivelada que altera a topografía natural acadando os 4,00m en algún dos seus puntos, sin aportar unha solución de abancalamiento o minimización de impacto de noiros nos bordes da propiedade.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistente acorda aprobar o informe elaborado pola asistencia técnica municipal e **remitilo á Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria.**

6.- PROPOSTA DE GASTO DERIVADO DE ARRENDAMENTO DE LOCAL DESTINADO A CLUBE DE XUBILADOS DA PARROQUIA DE MEIRA

Vista a proposta da Alcaldía de data 13 de setembro de 2010, que literalmente di como segue:

ASUNTO: Gastos derivados do contrato de arrendamento do local destinado a clube de xubilados da parroquia de Meira.

Conforme coa cláusula décimo segunda do contrato asinado, o Concello comprométese ao pago dos gastos de comunidade, enerxía eléctrica, de subministro de auga, recollida do lixo, etc..

O arrendador do local presenta, en concepto de consumo de enerxía eléctrica a seguinte factura:

GAS NATURAL, S.U.R. 01100812096721(210710 a 230810) 183,90 euros.

Na súa consecuencia propoño: o recoñecemento da obriga a favor de **HERMANOS PIDRE COBAS.C.B.** por importe de 183,90 euros en concepto de gastos de consumo de enerxía eléctrica, con cargo a partida orzamentaria 2310 20200.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar o recoñecemento da obriga por importe de 183,90 euros a **HERMANOS PIDRE COBAS, C.B.** en concepto de consumo de enerxía eléctrica e auga con cargo a partida 2310 20200.

7.- ANULACIÓN ACORDO DE AUTORIZACIÓN E COMPROMISO DE GASTO E ADOPCIÓN DE NOVO COMPROMISO.

Vista a proposta de intervención do 13 de setembro de 2010, que di:

Na xunta de goberno local de data 21 de xuño de 2010 aprobouse unha proposta de gasto, autorizando e comprometendo gasto para o departamento de turismo en concepto de subministro de plano-guía “Concello de Moaña”, a favor da empresa Difux Artes Gráficas Comunicación, S.L. por importe de 2.436,00 euros.

O importe acordado foi como consecuencia do orzamento presentado pola citada empresa en data 04 de maio de 2010, aplicando o 16% de iva.

A factura correspondente a este subministro foi emitida en data 05 de xullo de 2010, por importe de 2.478,00 euros.

Esta diferenza entre o orzamento e a factura está xustificada pola modificación do tipo impositivo do iva, pasando do 16 ao 18%, con entrada en vigor o día 1 de xullo de 2010, como consecuencia, Propono:

A anulación do acordo da xunta de goberno local de data 21 de xuño de 2010, polo que se autoriza e compromete o gasto a favor de Difux Artes Gráficas Comunicación, s.l., por importe de 2.436,00 euros, e ao mesmo tempo que se acorde novo compromiso de gasto a favor da mesma entidade por importe de 2.478,00 euros, polos motivos expostos, e con cargo a partida orzamentaria 4320 22602.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

8.- CONTRATACION PROFESORES DE TROMBON E PIANO PARA ESCOLA MUNICIPAL DE MUSICA

Dase conta da proposta feita polo tribunal calificador das probas para a selección de dous profesores para escola municipal de música

Unha vez levadas a cabo as probas establecidas nas bases aprobadas no seu día os resultados definitivos dos aspirantes son os seguintes:

TROMBON

Aspirante	Valoración currículo	Interpretación	Unidade didáctica	Entrevista	Total
Ernesto Jose Oubiña Herbes	1,3	19,50	15,00	7,00	42,80
Salvador Meira Corrales	5,9	17,00	19,00	7,00	48,90

PIANO

Aspirante	Valoración	Interpre	Unidade	Entrevista	Total
------------------	-------------------	-----------------	----------------	-------------------	--------------

	curriculo	tación	didáctica		
Maria Gonzalez Graña	22,26	22,30	24,00	8,00	76,56
Beatriz Cristobal Calvo	7,30	20,00	21,00	7,50	55,80
Sabela Casal Martinez	3,00	14,00	17,00	6,00	40,00
Jose Angel Leite Cosque	3,00	16,30	14,00	5,00	38,30
Saúl Chapela Diaz	8,30	23,30	20,00	8,00	59,60

Proponse por tanto a contratación de
 SALVADOR MEIRA CORRALES (Profesor Trombon)
 MARIA GONZALEX GRAÑA (Profesor a piano)

O tempo de contratación será do curso 2010-2011 (15 de setembro 2010 o 26 xullo 2011), en réxime de obra ou servizo deeterminado.

O horario: Profesora de piano: 25 horas (15 horas semanais lectivas) (5/8 de xornada completa).- profesor de trombon: 15 horas (9 horas semanais lectivas) (3/8 de xornada completa).

Salarios brutos que incluen salario base, puntualidade, prorroteo de pags extras e indemnización por cese, ascende a:

Profesor de Trombon: 561,25 euros

Profesora de piano: 935,23 euros

Debendo estar no demais o establecido nas bases.

Moaña, 13 de Setembro do 2.010

O SECRETARIO DO TRIBUNAL,

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos membros asistentes, acorda aprobar integramente a proposta do tribunal

9.- PROPOSTA DA CONCELLARÍA DE MEDIO AMBIENTE

Vista a proposta do concelleiro de Medio Ambiente e Mar do 8 de setembro de 2010, que di:

A Concellaría de Medio Ambiente e Mar propón adscribirse á proposta remitida pola Deputación Provincial de Pontevedra para a retirada de vehículos abandonados e que literalmente di así:

“ENCOMENDA DE XESTIÓN Á DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A RECOLLIDA E TRATAMENTO DE VEHÍCULOS ABANDONADOS. Visto o escrito de data 17 de xuño de 2010 da Presidencia da Deputación de Pontevedra na que se comunica a posta en marcha dun servizo concertado de recollida de automóbiles abandonadas e o seu posterior tratamento de descontaminación en concellos menores de 50.000 habitantes, esta Delegación propón, nos termos previstos no artigo 15 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, LRJ-PAC, o seguinte:

Primeiro: Solicita-la adhesión deste concello ao servizo concertado de recollida de automóbiles abandonados e o seu posterior tratamento de descontaminación en concellos menores de 50.000 habitantes que vai por en marcha a Deputación Provincial de Pontevedra.

Segundo: Encomendar a Deputación Provincial de Pontevedra a xestión da entrega dos vehículos abandonados a un centro de tratamento autorizado para a súa descontaminación nos termos previstos no artigo 86 do Real Decreto Lexislativo 339/1990 sobre Lei de Tráfico, Circulación de Vehículos a Motor e Seguridade Vial na redacción dada ao mesmo pola Lei 18/2009 e no Real Decreto 1383/2002, do 20 de decembro sobre xestión de vehículos ao fin da súa vida util.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta nos seus xustos termos.

10.- ALTAS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

10.A) Visto o informe da traballadora social de data 13 de setembro de 2010 sobre modificacións no SAF (**libre concorrència**), que di:

ALTAS

- *Celia Solla García: 2h./día. Sen achega económica. A partir do 1 de outubro.*
- *Estrella Sequeiros Santomé: 2h./día. Sen achega económica algunha. A partir do 15 de setembro.*
- *Carmen González Nogueira: 4 h./ semana. Cunha achega económica de 9,65 €/mes. A partir do 1 de outubro.*
- *Virtuosa Acuña Rúa: 4 h/semana. Cunha achega económica de 9,65 €/mes. A partir do 1 de outubro.*
- *Deolinda Alves Iglesias: 4 h/semana. Cunha achega económica de 9,65 €/mes. A partir do 1 de outubro.*
- *Adelaida Palmás Solla: 4 h/semana. Cunha achega económica de 9,65 €/mes. A partir do 1 de outubro.*
- *Eugenia Ferverza Paredes: 4 h/semana. Cunha achega económica de 9,65 €/mes. A partir do 1 de outubro.*
- *Maria Piñeiro Paz: 4 h/semana. Cunha achega económica de 9,65 €/mes. A partir do 1 de outubro.*
- *Josefa Cancelas Gil: 4 h/semana. Cunha achega económica de 15,45 €/mes. A partir do 1 de outubro.*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da traballadora social nos seus propios termos.

10.B) Visto o informe da traballadora social de data 13 de setembro de 2010 sobre modificacións no SAF (**dependencia**), que di:

ALTAS

- *Teresa Hermelo Martínez: 40h./mes. Sen achega económica algunha.*
- *Felisa Pena Freire: 90 h./mes. Coa achega económica de 96,57 €/mes.*

As novas altas serán efectivas a partir do vindeiro 15 de setembro.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar a proposta da traballadora social nos seus propios termos.

11.- ADXUDICACIÓN PROVISORIA DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SUBMINISTRO, PARA A ADQUISICIÓN DE EQUIPAMENTO PARA A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

O Concello cursou invitación de oferta ás seguintes empresas:

- LOGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES S.L.
- MONLI S.A.
- VICARLEM S.L.

A Xunta de Goberno procede a comprobación da documentación remitida polos licitadores, documentación relativa á capacidade e solvencia necesarias para a execución do subministro.

Á vista da mesma a Xunta de Goberno declara excluída a oferta presentada por VICARLEM S.L. por non aportar ningún tipo de documentación acreditativa da solvencia técnica necesaria para a execución do contrato, relación dos principais subministros efectuados durante os tres últimos anos sen entender, ademais, que sexa omisión subsanable.

A Xunta declara admitidas, á vista da documentación presentada e por entendela completa, as seguintes ofertas:

- LOGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES S.L.
- MONLI S.A.

A continuación, comezou o acto de apertura de ofertas admitidas, co seguinte resultado:

- LOGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES S.L.:

Prezo: 55.345,32 euros, IVE incluído.

Prazo de execución: 20 días.

O subministro presenta as características da documentación gráfica que adxunta.

- MONLI S.A.:

Prezo: 56.714,12 euros, IVE incluído.

Prazo de execución: 4 meses.

O subministro presenta as características da documentación gráfica que adxunta.

Lidas as ofertas presentadas a Xunta de Goberno, acorda excluír a oferta presentada por MONLI S.A. por rebasar o prezo de licitación previsto nos pregos e expediente de contratación. Asemesmo acorda:

PRIMEIRO.- Declarar válida a licitación e adxudicar provisoriamente o contrato de subministro, para a adquisición de equipamento para a escola municipal de música á empresa LOGICA EQUIPAMIENTOS INTEGRALES S.L., polo prezo de CINCOENTA E CINCO MIL TRESCENTOS CORENTA E CINCO EUROS E TRINTA E DOUS CENTIMOS (55.345,32 euros), (46.902,81 + 8.442,51 euros de 18% de IVE) un prazo de execución de 20 días e as características técnicas do material recollidas na oferta.

SEGUNDO.- Dispoñer o gasto con cargo a partida 3250.625.00 do vixente orzamento municipal.

TERCEIRO.- Que se notifique ao adxudicatario provisional e se lle requira para que dentro dos quince días seguintes da data de publicación de anuncio de adxudicación provisoria no BOP, aporte a documentación requirida no apartado 16 dos pregos, acreditación de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias Seguridade Social..., en caso de que non se houberse presentado ca oferta.

CUARTO.- Publicar o anuncio de adxudicación provisional no perfil de contratante.

12.- VADOS

O día 26 de xullo de 2010, o presidente da comunidade de propietarios Portacelo, 1, en representación desta, presenta instancia na que solicita un vado permanente en Reibón, 1, para 65 prazas de garaxe, para o que presenta o recibo de pago das taxas por un importe de 158,30 euros (20,50 € entrada de vehículos, 123,00 € pasaxe permanente, 15 € do sinal –dous trimestres-).

Visto o informe do inspector xefe da Policía Local do 2 de agosto de 2010, onde di que se trata dun inmovible de 65 prazas de aparcamento, o ancho do rebaixe da beirarrúa para a entrada e saída de vehículos é de 4,10 metros, polo que procede acceder ao solicitado con pintado de liña amarela continúa do ancho do rebaixe referido e a placa correspondente de pasaxe permanente,

Visto o informe do inspector de obras do día 25 de agosto de 2010 que indica que se encontra en zona urbana,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar o vado solicitado pola COMUNIDADE DE PROPIETARIOS PORTACELO, 1, cunha entrada de 4,10 metros, polo cal presenta o recibo de taxas por un importe total de 158,30 € e que se notifique o presente acordo á Recadación municipal.

13.- SERVIZO DE AUGAS AQUALIA: CONEXIÓNS AUGAS E SANEAMENTO

Á vista das solicitudes presentadas, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, acorda aprobar as seguintes conexións:

	Servizo	Lugar	Taxas aboadas €	Informe favorable
JOSÉ ANGEL LEITE SANTOS	Saneamento, uso doméstico	Carballadasna – Abelendo, 40 A, baixo	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
MARÍA SOLEDAD DOMÍNGUEZ BARRERA	Saneamento, uso doméstico	Cruceiro, 76	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
CÁNDIDO MARTÍNEZ COSTAS	Auga, uso doméstico	Puntillón, 8	D ^{os} conexión60,00 € Fianza20,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
JULIO FERNÁNDEZ CURRÁS	Saneamento, uso doméstico	Camiño de Albariños, 172, casa	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
CONSUELO PÉREZ GESTIDO	Saneamento, uso doméstico	Casanova – O Cruceiro, 114	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
LUIS MALVIDO CARRERA	Saneamento, uso doméstico	Cruceiro, 81	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
GABRIEL PIÑEIRO COSTA	Saneamento, uso doméstico	Moureira, 25	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
MANUEL EUGENIO GARCÍA BARREIRO	Auga, uso doméstico	Rubido da Gándara, Cruceiro,14	D ^{os} conexión60,00 € Fianza20,00 €	Aqualia Arquitecto técnico

CARMEN ROMERO PORTELA	Saneamento, doméstico	uso	Casal, 96	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
BENITO CANCELAS BARREIRO	Saneamento, doméstico	uso	Abelendo, 41	Taxas ORAL ano 2001	Aqualia Arquitecto técnico
JOSÉ COLLAZO GIL	Saneamento, doméstico	uso	Cruceiro, 45	Factura espina & delfin ano 2001	Aqualia Arquitecto técnico
CÁNDIDO FERNÁNDEZ PASTORIZA	Saneamento, doméstico	uso	Casal, 27	Factura espina & delfin ano 1999	Aqualia Arquitecto técnico
AGUSTÍN BARREIRO CANCELAS	Saneamento, doméstico	uso	Casal, 91	Presenta carta de pago do ano 1985 pola aportación veciñal para obras de 2ª fase rede saneamento Casal-Fontes-Lago	Aqualia Arquitecto técnico
JOSÉ RIOBÓ GONZÁLEZ	Saneamento, doméstico	uso	Casal, 58	Presenta acordo da comisión de goberno do 04.03.91	Aqualia Arquitecto técnico
LUIS CABACO LAGO	Saneamento, doméstico	uso	Palmás, 63-3º dereita e 2º esquerda.	Presenta recibo de pagamento de 80.000 ptas a favor da AVV Domaio Alcantarillado, do 26.05.81	Aqualia Arquitecto técnico
LAURA OTERO VÁZQUEZ	Saneamento, doméstico	uso	Cruceiro, 119	Presenta carta de pago das taxas por dereitos de conexión de 33.000 pesetas, ano 1990	Aqualia Arquitecto técnico
CARLOS SILVA RUIBAL	Saneamento, doméstico	uso	Palmás, 160 B Domaio	D ^{os} conexión san.....180,00 €	Aqualia Arquitecto técnico
M ^o TERESA MARTÍN CHANTADA	Saneamento, doméstico	uso	Porta do Sol, 4	Factura espina & delfin ano 1998 por acometida saneamento.	Aqualia Arquitecto técnico
ISABEL CRUZ PAZO	Saneamento, doméstico	uso	Abelendo – Ladrados, 87 A	Presenta recibo pagamento taxas ano 1990, por 30.000 pesetas.	Aqualia Arquitecto técnico
MARÍA ISABEL PAZOS MALVIDO	Auga, uso doméstico		Concepción Arenal, 72, 3º	D ^{os} conexión60,00 € Fianza20,00 €	Aqualia
MARGARITA MARÍA DEL ROSARIO BAÑÓN FERNÁNDEZ	Saneamento, doméstico	uso	Os Piñeiros, 22	Presenta xustificante de pago por 48.400 pesetas a Espina y Delfin, S.L.	Aqualia Arquitecto técnico
JULIO ROMERO PAREDES	Saneamento, doméstico	uso	Marrúa, 36 – 1º	Taxas ORAL ano 2004	Aqualia Arquitecto técnico
JOSÉ SEVERINO JUNCAL MOLANES	Saneamento, doméstico	uso	Piñeiros, 1	Presenta factura Espina & Delfin, por acometida saneamento ano 1998	Aqualia Arquitecto técnico
MANUEL CHAPELA BARREIRO	Saneamento, doméstico	uso	Redondo, 120 A	Taxas ORAL ano 2003	Aqualia Arquitecto técnico

Sen máis asuntos que tratar, a Presidencia dá por rematada a sesión, ás 20:15 horas do día fixado no encabezamento, de todo o que, como secretario accidental, DOU FE.